



CIRCULAR INFORMATIVA 21-10-2016

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos informarles sobre o os seguintes temas:

- Pregamos que nos devolvan cuberta a **ficha** que se xunta, sobre datos complementarios de matrícula.
- O luns, 24-10-16, celebramos o día da BIBLIOTECA. Temos actividades para o alumnado onde nenos e nenas de diferentes niveis vivirán unha experiencia de contacontos entre eles. Como novidade, este ano creamos a "**Biblioteca de nais/pais**" xunto á porta de entrada á biblioteca. Contamos coa colaboración da ANPA "As Olivas" e animamos á participación das familias. Podédesvos informar a partir do luns ás 9:15 horas.
- Lembrarles, unha vez máis, que a **entrada de vehículos** aos aparcadoiros do centro (arriba e abaixo) está **reservada ao persoal autorizado** (bus escolar, traballadores do centro, persoal de reparto e familias de alumnado con mobilidade reducida). Coa intención de facilitar o acceso ao colexio, nos horarios de entrada e saída, está aberta a porta do fondo do patio, a que está xunto ao pavillón novo, onde si hai aparcadoiro público.
Todos debemos colaborar para evitar situacións de perigo coincidindo co horario de máis afluencia de persoas no centro. A policía local controlará periódicamente as entradas e as saídas.
- No mes de novembro procederemos á **renovación parcial do Consello Escolar** do Centro, máximo órgano de goberno. Este ano, temos a renovación de tres nais/pais de alumnos/as. Próximamente haberá sorteo público para a constitución da Xunta Electoral e da Mesa Electoral, exposición do censo e abriremos prazo para a presentación de candidaturas.
- O día 04 de novembro, se o tempo o permite celebraremos o magosto. Xa informaremos do mesmo máis adiante.
- Detectamos un brote de varicela en varios alumnos/as do centro, pregamos estén alerta por se seguen dándose casos de contaxio.

Un saúdo

A DIRECCIÓN